



  
**SAUNAS  
CASTREXAS**  
ESTRUTURA E SIGNIFICADO  
DOS MONUMENTOS CON FORNO

---

 **III XORNADA DE  
DIVULGACIÓN  
CIENTÍFICA  
DO PATRIMONIO  
ARQUEOLÓXICO LUCENSE** 

---

**MUSEO  
PROVINCIAL  
DE LUGO**  **16 DE  
OUTUBRO  
DE 2020**





# SAUNAS CASTREXAS

## ESTRUTURA E SIGNIFICADO DOS MONUMENTOS CON FORNO

As chamadas saunas castrexas ou monumentos con forno, cuxa cronoloxía se estende pola segunda Idade do Ferro e o principio da dominación romana, son construcións ben coñecidas no NO peninsular. Destacan, en primeiro lugar, pola súa monumental caracterización arquitectónica a base de espazos rectangulares de fábrica pétreo organizados en diversas estancias (vestíbulo, cámara de vaporización e forno) e divididas polas, ás veces, moi decoradas «pedras formosas». En segundo lugar pola súa funcionalidade, aínda discutida, pero moi probablemente vinculada con ritos ou cultos da auga, a modo de santuarios ou espazos rituais/cultuais.

Como queda indicado, este tipo de construcións dispérsanse por todo o NO peninsular, estando presente en Asturias nos castros de Coaña, Pencia, Taramundi, Chao Samartín e Pelóu; en Galicia nos xacementos de Borneiro (Cabana de Bergantiños), Espasante (Ortigueira) e Sarridal (Cedeira), na provincia da Coruña, así como a do castro de Armeá (Augas Santas, Allariz) na de Ourense e, finalmente, no norte de Portugal, con exemplos nas Citanias de Briteiros (Guimarães) e Sanfins (Paços de Ferreira), no castro das Eiras (Vila Nova de Famalicão) ou en Tongobriga (Marco de Canaveses).

Con todo, na provincia de Lugo pasamos de non ter exemplos visibles destes monumentos a ir aumentando o seu rexistro. Existen unha en Castelón ou castro de Castañoso (A Fonsagrada), escavada nos anos 2015 e 2017 por Luís Francisco López. A segunda apareceu en 1974, na rúa Faro en San Cibrao (Cervo), que foi escavada en 2019 por mor dunha intervención de urxencia en centro urbano, por Emilio Ramil González, pero, lamentablemente, non se atopa accesible e agora está pendente de confirmarse a existencia doutra máis en Barreiros, na costa de Lugo.

Por conseguinte, na actualidade a provincia de Lugo ten varios e senlleiros exemplos incluídos na listaxe de achados de «saunas castrexas» do noroeste peninsular que xustifican, sobradamente, a celebración desta xornada de divulgación de xeito monográfico.

**Venres, 16 de outubro de 2020**

**Lugar:** Salón de Actos da Deputación de Lugo

**Prazas presenciais:** 25 inscrición previa gratuíta por rigorosa orde de entrada

**Formulario de inscrición** no Museo Provincial de Lugo e na web [www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org) . Rexistrada a solicitude enviarase a confirmación por correo electrónico xunto co enlace/link para a canle de participación online.

**Entregarase diploma acreditativo** de asistencia á xornada (6 horas lectivas)

**Organización:** Museo Provincial de Lugo

**Dirección e coordinación:** Aurelia Balseiro García  
[direccion@museolugo.org](mailto:direccion@museolugo.org)

**Comité organizador:** Encarna Lago, Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta e M.ª Ofelia Carnero

**Secretaría técnica:** Departamento de Arqueoloxía MPL

## PROGRAMA

### 1.ª PARTE

**9:45 h** Presentación oficial

**10:15 h** Saunas Castrexas da costa norte de Galicia:  
Cervo, Ortigueira e Cedeira  
Emilio Ramil, arqueólogo

**11:00 h** A intervención arqueolóxica no Castro de Castañoso: o sistema construtivo da Sauna  
Luis Francisco López, arqueólogo  
Miguel Ángel López Marcos, arqueólogo,  
restaurador

**11:45 h** Pausa

### 2.ª PARTE

**12:15 h** As saunas rituais da Idade do Ferro nos castros cantábricos: estrutura e simbolismo  
Ángel Villa Valdés, arqueólogo,  
Museo Arqueolóxico de Asturias

**13:00 h** O papel do patrimonio arqueolóxico no desenvolvemento local e na sustentabilidade territorial: estratexias de difusión e comunicación II  
Mesa redonda moderada por Aurelia Balseiro e composta polos anteriores relatores xunto con outros convidados relacionados coa xestión patrimonial: Felipe Arias Vilas

**14:00 h** Debate coloquio

**15:00 h** Clausura xornada



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



---

REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO